

Presentación e avaliación dun proxecto colaborativo para a obtención de datos lingüísticos: *Doa. Dialectoloxía cidadá*

Rosario Álvarez
Instituto da Lingua Galega - Universidade de Santiago de Compostela

No marco temático da variación en territorios de fronteira no espazo peninsular escolleito polos promotores e editores deste volume, foime suxerida a perspectiva do traballo colaborativo coa comunidade de falantes e da ciencia cidadá, convidada na miña condición de codirectora, na altura, do proxecto colaborativo DOA, que desde hai uns meses pasou a coordinar o meu compañeiro Xulio Sousa. Por iso, seguindo a mesma suxestión, o propósito presente é presentar e avaliar desde o punto de vista científico os primeiros resultados de *DOA. Dialectoloxía cidadá*, contrastando os datos obtidos por esta vía co inventario, distribución territorial e "fronteiras" xa trazadas previamente pola dialectoloxía tradicional (sobre todo co método da xeografía lingüística), ao tempo que os poñemos en diálogo con outros proxectos en curso que se nutrirán tamén destes datos (de DOA ao *Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués*, e deste ao *Patrimonio léxico da Gallaecia*). En definitiva, o obxectivo é avaliar o valor ou interese dos novos datos, e en consecuencia a rendibilidade do proxecto.

1. O proxecto DOA. *Dialectoloxía cidadá*

Desde o Instituto da Lingua Galega (ILG), da Universidade de Santiago de Compostela, levamos décadas promovendo, por múltiples vías, a recolleita, sistematización e difusión do inmenso patrimonio léxico de Galicia, sempre apelando ao saber e complicidade dos seus principais donos e donas, os membros da comunidade galegofalante. Parte dese acervo está integrado en TLPGP (*Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués*), que segue en construción permanente, e a partir deste é explotado en PLG (*Patrimonio léxico da Gallaecia*),¹ que tanto visibiliza o continuum Galicia-N de Portugal como mostra as disimilitudes dentro do territorio constitutivo das linguas galega e portuguesa. Nese contexto de interese pola recolla das palabras dos e das falantes xurdiu *DOA. Dialectoloxía cidadá*, un programa de participación cidadá para a achega de datos léxicos.

O nome xoga coa anfíboloxía. Dunha banda apela á xenerosidade das persoas para compartiren patrimonio, con ese imperativo escrito en maiúsculas, *DOA!* (do verbo *doar*, ‘ceder de maneira gratuíta a posesión dun ben en favor dunha persoa ou institución’). Doutra apela tamén ao valor da construción, do individual ao colectivo – gran a gran, dato a dato–, pois o substantivo feminino *doa* é cada un dos abelorios que se enfián para formar un rosario ou un colar; cada *doa* ten o seu valor individual, pero todas gañan cando con elas se forma algo novo, colectivo.

DOA preséntase como un proxecto colaborativo de utilidade pública. Desde o noso punto de vista –e tendo en conta a estreita relación lingua-identidade presente na sociedade galega–, é importante facer ver que non propoñemos un simple divertimento para satisfacer a curiosidade, senón que a información achegada vai ser utilizada na construción e mellora de recursos lingüísticos do galego. Por iso, ademais de indicar

¹ Pódese acceder a todos os recursos disponibilizados polo ILG e a outras informacións sobre a súa actividade en <https://ilg.usc.gal/>. En particular, os aquí citados están accesibles no seguintes enderezos, aos que remitimos: <http://ilg.usc.gal/Tesouro/>, <https://ilg.usc.gal/plg/>, <http://ilg.usc.gal/gl/proxectos/doa>.

que se ofrecerán resultados específicos do proxecto na páxina correspondente, indícase que os datos serán integrados, xunto con outras fontes, noutros proxectos de documentación léxica do ILG. Na entrada que antecede ao cuestionario dise expresamente:

Grazas á túa doazón poderemos seguir a preservar, difundir e poñer en valor o noso patrimonio lingüístico e cultural. Todos os datos resultantes da túa achega serán tratados polo equipo responsable e integrados na aplicación *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués* (<http://ilg.usc.gal/Tesouro/>), onde se rexistrarán co nome do proxecto e o ano de recolla. Ademais, sempre e cando o autorices, o teu nome figurará entre os das persoas colaboradoras no programa.

O sistema de participación é sinxelo, de xeito que poida doar calquera persoa que queira facelo, directamente ou a través de terceiros con destrezas lingüísticas e informáticas básicas. Faise por medio de cuestionarios léxicos moi visuais, nos que se procura que as cuestións sexa inequívocas e que as entidades polas que se pregunta sexan recoñecibles sen marxe de dúbida, condicións que –cómpre dicilo– imponen bastantes renuncias; mesmo así, proporcionáanse instrucións moi simples e breves, de doada comprensión e aplicación. Cómpre cubrir telematicamente os formularios que se van poñendo na páxina, en sucesivas campañas temáticas, e que permanecen abertos nela para doantes futuros. As preguntas de contido non son obrigadas, polo que, ante o descoñecemento ou dúbida sobre unha denominación, pódese pasar adiante sen interromper a colaboración; as preguntas de obrigada resposta son identificativas da orixe da doazón, mais procédese con moita preocupación pola preservación e gradación da privacidade. Os cuestionarios responden todos ao mesmo esquema:

- Identificación do proxecto e do cuestionario. Ex.: *Proxecto DOA | Pequenos animais: insectos (I)*.
- Breve descrición do proxecto e dos seus obxectivos. Información básica con instrucións, recomendacións e advertencias.
- Datos (obrigados) descritivos do informante, entendido como ‘persoa que usa as palabras proporcionadas’ (non a que actúa como intermediaria). Pregúntase polo sexo, pola idade (en tres treitos: 10-20 / 21-50 / máis de 50) e pola localización (lugar e concello de nacemento / ídem de residencia); ademais, pídese que se indique a que concello considera o doante que se deben atribuír os datos.
- Seguen tantas páxinas coma conceptos preguntados, sempre co mesmo esquema: pregunta a carón da imaxe identificativa e lugar para teclear a resposta; espazo para informacións complementarias (refráns, cántigas, crenzas ou calquera outro tipo de comentario).
- Datos da persoa ou colectivo responsable do cuestionario, é dicir, de quen cobre o formulario, doando os seus propios datos ou os de quen figura como “informante”, xunto coas advertencias preceptivas sobre tratamento e protección de datos persoais. Inclúe diversos graos de consentimento informado opcional, tanto sobre a publicidade da colaboración coma sobre o contacto co equipo responsable do proxecto.

O formato tamén é doado para os xestores e investigadores. Os cuestionarios son creados con *Microsoft Forms*, que fai parte de *Office 365*, sen necesidade de recorrer a outros deseños especiais, e os datos descárganse en táboas de *Excel*, o que permite un tratamento posterior deles por medio de programas que son de uso corrente, cos que os investigadores, mesmo no inicio da formación, están familiarizados.

2. Primeira aproximación aos datos

Para facer un test avaliativo dos datos achegados por DOA escollemos os recadados para a *xoaniña* (*Coccinella septempunctata*), e non por ser a primeira pregunta do primeiro cuestionario, posta á mantenta no inicio para animar os participantes a responder e a seguir adiante. Seleccionámola porque este é un insecto de doada identificación, moi coñecido, querido e ben lembrado por persoas de todas as idades, tanto se habitan ámbitos rurais coma se moran en espazos urbanizados; non importa que non sempre sexa vermella nin de sete puntos, pois os informantes non fan distinción por iso. Sabiamos xa que a amplitude de opcións denominativas é moi grande, tanto en galego coma noutras linguas ibéricas, polo que é previsible que o abano aínda non estea completo e que haxa mudanzas de status que se estean a producir no uso espontáneo; por tanto, era de esperar que unha nova campaña de recollida, formulada doutro xeito e dirixida a outros públicos, puidera achegar novidades sobre inventarios precedentes. Finalmente, o interese popular e dos estudosos por este animal fai que en Galicia haxa abundante material con referencia xeográfica e distintos cortes cronolóxicos con que facermos o cotexo e avaliarmos a importancia dos novos datos: os recollidos nos traballos de campo do *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* (ALPI) (1934-1935) e do *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa) (1974-1976); os achegados por traballos etnolingüísticos ou onomasiolóxicos (nomeadamente, Bouza-Brey 1948 e 1953, Suárez, Reigada); e os proporcionados por un alto número de inventarios léxicos locais ou comarcais, nos que esta é unha cuestión recorrente, recollidos no banco de datos do TLPGP e tratados en PLG.²

Na primeira campaña (2021) responderon ao primeiro cuestionario, *Pequenos animais: insectos (I)*, 441 persoas, das que 403 proporcionaron unha ou máis respostas denominativas para a *Coccinella*, un terzo delas acompañadas de recitados e outras informacións sobre xogos e crenzas. A maior parte dos doantes informan de modo directo sobre o seu propio uso e experiencia; máis da metade deles son de idade media (indo dos máis novos aos máis vellos: 14,21% / 53,87% / 31,92%); e as mulleres son máis colaboradoras en todos os grupos (media 65,09%). Salvo dúas doazóns de localidades portuguesas, son denominacións que corresponden ao territorio galegófono, e estas son as que consideraremos no noso test. É importante sinalar que os doantes informan sobre 153 concellos diferentes que, se ben con diferentes graos de concentración, están espaxados por todo o territorio.

Centrémonos agora nos 401 doantes para a *Coccinella* en galego. Obtivemos deles 432 denominacións, con 60 formas diferentes, que se reducen a 53 se obviamos as variantes puramente fonéticas (por prótese, epéntese, elevación da átona pretónica, palatalización ou despalatalización...) e aínda a 40 de non tomarmos en consideración nin a presenza de morfemas avaliativos e a forma destes (v. gr.: *mariqu-iña*, *-ita*, *-itiña*, *-itilla*...) nin a constitución de formas léxicas compostas ou complexas por diversos procedementos (identificador ou caracterizador: *de dios*, *do demo*, *do crego*, *rubia*; repetición: *reirrei*; inclusión do verbo: *rei casarei*, *voíña voa*). Das 60 variantes

² O TLPGP integra os anteriores, agás os datos do *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* (ALPI), dispoñibles por outra vía; agradecemos ao equipo responsable do proxecto todas as facilidades dadas na elaboración deste traballo. Existe outra colleita participativa promovida pola Compañía de Radio-Televisión de Galicia (CRTVG) (Novo & Mancebo), con datos publicados. Aínda que son un referente interesante, non puidemos integralos no TLPGP por non termos constancia das instrucións recibidas nin seguridade respecto a se todas son achegas tomadas da lingua dos falantes, con validez xeolectal, ou coñecemento léxico tirado doutras fontes (literatura, dicionarios, medios de comunicación, etc.). Usámola como material adicional e agradecemos aos autores a dispoñibilidade.

rexistradas, preto da metade (26) presentan algunha característica que as diferencia das recolleitas nos traballos previos considerados no noso corpus (integrados no TLPGP) e na base de datos do ALPI; pero, sobre todo, son nove as denominacións que achegan novidades léxicas en sentido estrito para este concepto (*bicho do demo*, *boa sorte*, *mariquiña do crego*, *marquesa*, *martiniña*, *miñaxoia*, *mesquita rubia*, *siraosol* e *xoiña*), 11 de considerarmos *bicho* e *escarabajo*, que parecen funcionar como hiperónimos.

Tamén as respostas da *Coccinella* proceden dos tres grupos de idade, en proporcións similares ás do conxunto da enquisa: G1, entre 10 e 20 anos, 14,29%; G2, entre 21 e 50, 54,80%; G3, maiores de 50, 30,91%. Dos 401 doantes, vinte e catro persoas proporcionaron dous nomes, unha tres denominacións e outra dúas variantes fonéticas; as respostas múltiples proveñen sobre todo do grupo intermedio (G2, 62,5%), seguido do máis novo (G1, 25%), de onde se desprende que o dos máis vellos (G3, 12,5%) é o de maior seguridade denominativa. Lembremos que a práctica totalidade dos doantes dan as “súas” formas e que o programa non se basea en procurar persoas maiores como suxeitos enquisables, e isto vai ter repercusión sobre os resultados.

3. Doa a doa. O valor dos pequenos datos

Como se desprende do informe cuantitativo anterior, no conxunto das 432 denominacións achegadas hai diferentes graos de novidade respecto do coñecemento previo. Unha porcentaxe elevada de respostas confirma nos mesmos lugares as formas léxicas recolleitas en traballos de campo previos; unha información que pode semellar redundante mais non é irrelevante en canto que documenta o vizo no uso, a continuidade na transmisión e a permanencia fronte a posibles mudanzas. Máis alá das novidades nas denominacións, quixeramos pór de relevo o valor de datos recolleitos de xeito esporádico, de solucións fonéticas ou morfolóxicas que difiren das habituais, de formas léxicas que producen certa estrañeza, etc.

- Atopamos variantes que validan rexistros previos dubidosos. É o caso de *casarrei* (Oleiros), que veu disparar as dúbidas sobre o rexistro de Feás-Aranga do TLPGP, onde a unha entrada *casarrei* correspondía o recitado “Casarei, rei, rei...”, cun cambio perceptible na vibrante.
- Outras variantes fonéticas corroboran percepcións previas sobre a motivación e a orixe etimolóxica: así, *adiviñón* (Paradela e Pol) veu confirmar a motivación nas capacidades adiviñatorias de *deviñón* (Bouza-Brey 1948, en Lugo) e *diviñón* (ALPI, en Meixente-Sarria), todos nun mesmo espazo xeográfico.³
- Algunhas variantes fonéticas pouco frecuentes son determinantes para explicar e ordenar un grupo de formas sometidas a varios factores de variación que se cruzan e superpoñen nun pequeno territorio. É o caso de *buxaniña* (O Rosal) e *visaniña* (Tomiño), que se viñeron unir a *bisaniña* e *bixana* (Tomiño), *bixaniño* (Goián-Tomiño), *mexaniña* e *mexaniño* (Pontedeva), todas no TLPGP, e a *buxana* (ALPI); *buxana* é unha variante localizada no Minho para gal. *moxena* / port. *mochena*, e esa é a base motivacional de todo o grupo; por extensión, concluímos que *mesquita rubia* (Sandiás) contén unha variante de *mosquita*

³ Para un repertorio das denominacións galegas (lemas e variantes) clasificado por motivacións –na secuencia dos realizados por Manuela Barros Ferreira e Mario Alinei a partir das sínteses do *Atlas Linguarum Europae* (ALE) e Rita Caprini sobre as do *Atlas Linguistique Roman* (ALiR)–, remitimos a un traballo propio (“Xoaniña, voa voa. Os nomes da *Coccinella* en galego”), aínda no prelo, que aparecerá este mesmo ano no Brasil en homenaxe ao querido amigo e excelente investigador João Saramago.

‘moxena’ e non se relaciona co insecto *mosca*. Pola mesma, un dato esporádico como *martiniña* (Castrelo do Val) cobra sentido e é autorizado polo rexistro previo de *sanmartiño* e *sanmartiniño*⁴ no mesmo concello.


- Outras, en cambio, ao documentaren diferentes solucións alimentan e animan o debate. Así, *buleiriña* (Guntín) veu unirse no TLPGP ás que presentan formas fonéticas semellantes a pesar das diferenzas (*ab-/b-*; pretónicas *e/a/o/u*; ditongo tónico *ei/ai/oi/ou*): *abelairiña* (Guitiriz e Guntín), *aveleiriña* (Campo Lameiro), *boleiriña* (A Coruña), *aveloiriña* (Santiago de Compostela) e *balourriña* (Ribeira). A análise do conxunto revela que o trazo determinante é o ditongo, pois as solucións *-eira e -aira* están en distribución xeolectal complementaria cando o étimo contén unha nasal intervocálica (< -ANARIU/A) e non é descartable a evolución *-aira > -eira* con outras orixes; tamén as solucións *-oira e -oura* poden ter unha orixe compartida, pero distinta da das anteriores. En definitiva, sen alongar máis a argumentación, concluímos que cómpre facer como mínimo dous grupos: un relacionado con *velairiña* ‘tipo de bolboreta’ e outro con *belouro* en alusión á forma redondeada.
- Entre as denominacións ou locucións que non foran rexistradas, unhas amplían o abano das xa coñecidas con elementos comúns (*mariquiña do crego, martiniña, paxariño de deus, mesquita rubia, siraosol*); outras suxiren motivacións enmarcables dentro da tradición, que se move entre a capacidade adiviñatoria e o bo presaxio da xoaniña, sempre con grandes doses de afecto (*boa sorte, miña xoia*). Outras amplían a nómina de formas empregadas tamén para outros insectos (*marquesa*), entre elas as usadas como xenéricas (*bicho, escarabajo*), xa que o descoñecemento de denominacións específicas é un dato relevante para a lingüística; parece pertencer a este grupo a locución *bicho do demo* –que semella romper o vínculo tradicional coa divindade ou un ser superior–, pois a mesma designa nas proximidades un tipo de chinha de campo con cores similares.

Desde o noso punto de vista, a impresión xeral sobre o valor dos datos achegados é moi positiva. En suma, denominacións coñecidas polo seu marcado carácter territorial coinciden e axudan a delimitar as áreas dos lemas respectivos (REIRREI, REI, CASCARRUBIA, BUXANIÑA, COSTUREIRIÑA, PAPASOL, MARUXIÑA, VOANIÑA...); formas infrecuentes localízanse nas proximidades de rexistros anteriores do mesmo lema (CATASOL, CEREIXIÑA, COCO DE DEUS, MARIPOSIÑA DE DEUS, PAMPONIÑA, REI CASAREI E REIRREI CASAREI no ALGa; GALIÑA DE DEUS no ALPI); PAPIÑA RUBIA e PATASOL, en Bouza-Brey, ALGa e TLPGP; PENONIÑA e CASARREI no TLPGP). Fóra deses límites preestablecidos só se estenden as máis comúns, protagonistas de procesos de mudanza lingüística sobre os que volveremos, XOANIÑA / MARIQUITA (xunto con *mariquiña* e similares) (§§ 5-6). Son excepción raras ocorrencias distantes, como *cuquiña de dios* (Muros), moi afastada da área oriental dos lemas COCO DE DEUS e COCA DE DEUS; *margarida e margarita* (Mondoñedo), lonxe dos rexistros de Ares, Ourense e Verín de Bouza-Brey (1948); e *reiniña de dios* (Avión), fóra da área nororiental debuxada en Asturias por *reinia e reinia de dios* (Suárez) e lonxe doutros rexistros esporádicos de *reina e reiniña* na metade norte de Galicia.


⁴ A disimilación *-iñiño/a > -iniño/a* está ben documentada en galego, tamén nas proximidades destes rexistros.

4. Confirmación e consolidación de pequenos dominios


Os datos achegados por DOA axudan a completar e delimitar os territorios de difusión, complementarios ou superpostos, de varias formas léxicas que ocupan dominios rexionais de extensión diversa. Vallan como mostra os Mapas nº 1-6, tomados do TLPGP, coa distribución territorial dos lemas REIRREI, CASCARRUBIA, PAPASOL, VOÍÑA, XOANA E XOANIÑO.⁵




Mapa nº 1. Lema REIRREI. Fonte: TLPGP



Mapa nº 2. Lema CASCARRUBIA. Fonte: TLPGP




Mapa nº 3. Lema PAPASOL. Fonte: TLPGP




Mapa nº 4. Lema VOÍÑA. Fonte: TLPGP

⁵ Os mapas colorean de azul os concellos onde o banco de datos ten rexistro das formas solicitadas; de xeito complementario, a ausencia desta cor só indica que non hai datos, non que se comprobouse a inexistencia da forma en cuestión. De acordo cos criterios metodolóxicos seguidos no TLPGP (Álvarez & Negro), un *lema* unifica *variantes* gráficas e fonéticas cognadas, pero non *variantes* morfolóxicas e formacións léxicas; isto é, *grosso modo*, no TLPGP agrúpanse {*xoaniña*, *xuaniña*, *soaniña*} baixo XOANIÑA ou {*adiviñón*, *deviñón*} baixo ADIVIÑÓN, pero mantéñense separados REINIÑA e REINETA (diferentes sufixos), XOANIÑO e XOANIÑA (diferente xénero, non flexivo), XOANIÑA e XOANIÑA DE DEUS (coas locucións como lemas complexos diferenciados). Usamos as versaletas para marcar os lemas e as cursivas para as variantes.



Mapa nº 5. Lema XOANA. Fonte: TLPGP



Mapa nº 6. Lema XOANIÑO. Fonte: TLPGP

REIRREI (Mapa nº 1) agrupa as variantes formais *reirrei*, *reiño reis*, *renrén* e *arrenrén*. DOA achega 23 rexistros (dos 63 con que conta TLPGP na altura). O territorio setentrional aínda se vería máis compacto se, ademais, xuntásemos os datos de todos os lemas que teñen na base *rei* e os femininos correspondentes: REI, REI CASAREI, REIRREI CASAREI, CASARREI, REINIÑA DE DEUS, rexistrados por DOA; xunto con outros só presentes no corpus a través doutras fontes, MEU REI, REISEÑORITO, REIRREI PAGAREI, CUCO REI, REICHIÑO, REICHIÑO DE DEUS, REINIÑO, REIZOLÍN, REICHELINA DE DEUS, REICHIÑA, REINETA, REINIÑA.

CASCARRUBIA (Mapa nº 2) está completamente confinada no NW e móstrase moi vizosa no seu espazo (comarcas de Fisterra, Muros, Xallas e Terra de Soneira), o que non lle evitou estar case ausente na tradición lexicográfica nin ser invisible a través da literatura. Dos 19 rexistros con que contamos nesta altura, 11 proceden de DOA –un deles fóra desta área, na costa das Rías Baixas– e 5 do ALGa; o ALPI coincide e complementa a localización (Corcubión, Santa Comba, Muros).

PAPASOL {*papasol*, *papasolín*, *papasón*} (Mapa nº 3) ocupa unha ampla área oriental, que cabalga entre Lugo, León e o NE de Ourense; 4 dos 27 rexistros en TLPGP proceden de DOA. A área amplíase polo oeste e cara ao sur se consideramos outros lemas menos frecuentes en que intervén *-sol*, a todas luces relacionados con este na motivación, e se callar na evolución fónica: PATASOL, SIRAOSOL e CATASOL, documentados tamén por DOA, e PITASOL. Os datos do ALPI mostraran xa localizacións concorrentes (*papasol* na Fonsagrada, Navia de Suarna, Pedrafita do Cebreiro e Chandrea de Queixa; *papasoliño* en Rubiá; e *patasol* no Padornelo e Hermisende).

VOIÑA {*voiña*, *vuíña*, *avoiña*} (Mapa nº 4) forma unha piña nun territorio que, como se verá a seguir, está tamén ocupado por *xoana*. Os 7 rexistros de DOA identifícanse como ‘xoaniña’, mais os traballos previos –neste caso todos debidos a investigadores que usan a variedade local– oscilan entre este coleóptero e un lepidóptero, unha concorrencia denominativa bastante frecuente; dous destes diferencian entre *voiña* para ‘bolboreta’ e *voiña voa* para ‘xoaniña’ (Vila de Cruces, Silleda). Estas variantes están

en relación coas de VOANIÑA, tamén documentadas por DOA, que ocupa parcialmente a mesma área e dispérsase cara ao S e SE.


XOANA {*xoana*, *xuana*} (Mapa nº 5), de evidente vínculo co lema maioritario XOANIÑA, está disperso na mesma área ca este, sobre todo no seu bordo nororiental (cf. Mapa nº 8); a maior parte dos rexistros proceden do ALGa. Márcanse con liña vermella os tres rexistros achegados por DOA (Val do Dubra, Lousame e Lalín), para poder valorar mellor a importancia da contribución para delimitar a área de difusión; o terceiro veu coincidir coa información do ALGa no mesmo concello.

XOANIÑO {*xoaniño*, *xuaniño*, *xoanciño*} (Mapa nº 6) está moi limitado ao recanto SW da provincia de Ourense, onde tamén se rexistra XOANO {*xoano*, *xuano*, *xoán*}. Salientamos con cor diferente o único dato achegado por DOA, que completa a área cunha variante formal do diminutivo máis habitual no uso corrente moderno na bisbarra (*xoanciño*, *animalciño*, etc.).

5. *Xoaniña* no TLPGP: antes e despois de DOA

No conxunto de respostas achegadas por DOA, XOANIÑA {*xoaniña*, *xuaniña*, *soaniña*}

é a resposta maioritaria (47,31%), amplamente difundida por todo o territorio, como se mostra no Mapa nº 7. A profusión de datos coa resposta XOANIÑA fóra da área occidental e meridional en que era esperable consonte o coñecemento previo, merece unha análise e unha reflexión. Por iso, e seguindo o noso plan inicial, procedemos a contrastalos coa distribución no estado de documentación ofrecido previamente polo TLPGP.




Mapa nº 7. Concellos en que se testemuña *xoaniña* en DOA


O Mapa nº 8 representa a distribución dos rexistros do lema XOANIÑA no TLPGP en decembro de 2021, despois de engadirmos as respostas da cuestión 1370 do ALGa. O corpus galego era na altura de 146 obras, non todas con datos da *Coccinella*. O lema XOANIÑA non inclúe locucións formadas con esa base.

O Mapa nº 9 mostra o resultado da mesma busca despois de incluírmos os datos proporcionados por DOA. Sobre el trazamos en vermello o límite norte e leste da área de difusión anterior no TLPGP; en verde, a isoglosa dada polos datos do ALPI, máis

antigos (campanha de 1934-1935), non incluídos no *Tesouro*. Como se ve, a pesar da distancia temporal, a coincidencia entre as dúas isoglosas viña sendo moi grande, mostra dunha grande estabilidade durante as décadas centrais do século XX.



Mapa nº 8. *Xoaniña* en TLPGP, sen DOA



Mapa nº 9. *Xoaniña* en TLPGP con DOA. Isoglosas do ALPI (verde) e do TLPGP sen DOA (vermella)

Os datos de DOA mostran unha nova realidade. Cómpre lembrar unha vez máis que non proceden de enquisas que procuran como informantes persoas maiores, que reproducen un estado de lingua conservador: estoutros doantes, sobre todo, informan do seu propio uso, representan o uso da súa xeración. Á vista do cotexo entre estes dous mapas e tendo en conta a análise de toda a información adicional achegada polo corpus, chegamos ás seguintes conclusións:



- A incorporación das respostas de DOA pon en evidencia a antigüidade relativa dos datos anteriores, non só por procederen de campañas previas senón, sobre todo, porque o obxectivo maioritario nelas, consonte a metodoloxía corrente, era documentar estadios de lingua conservadores.
- *Xoaniña* está presente na práctica totalidade das respostas múltiples con formas léxicas diferenciadas, ben porque compite con outras formas tradicionais no territorio ben porque ten a concorrência doutras que buscan o seu espazo: as máis frecuentes son *xoaniña / mariquita* (12) –ás que se unen *xoaniña de dios / mariquita* (1) e *xoaniña / mariquita / boa sorte* (1)–, e *xoaniña / mariquiña* (4); teñen cadansúa ocorrencia *xoaniña / bicho*, *xoaniña / bicho do demo*, *xoaniña / casarrei*, *xoaniña / escarabajo*, *xoaniña / mariquitilla*, *xoaniña / marquesa*, *xoaniña / reirrei* e, como única excepción a esa presenza regular, *galiña de dios / mariquitilla*.
- A expansión de *xoaniña* fóra da súa área comezou cos falantes de idade media (nados entre 1971 e 2000). Para comprender ben o contexto histórico e o motor do cambio, cómpre ter en conta algúns feitos de importancia sociolingüística e a súa cronoloxía: estes doantes non naceran ou eran moi novos cando se fixeron moitos dos traballos recollidos no TLPGP e cando se fixeron as enquisas do ALGa (1974-1976); amparado na *Constitución Española* (1978), o decreto que incorpora o galego ao sistema educativo é de 1979, por tanto estes doantes forman parte xa das xeracións con escolaridade nesta lingua; o *Estatuto de*

Autonomía de Galicia, que oficializa o idioma galego é de 1981 e a *Lei de Normalización Lingüística* de 1983; as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* son de 1983 e o *Vocabulario ortográfico da lingua galega* é de 1989; a Compañía de Radio e Televisión de Galicia comezou as súas emisións, integramente en lingua galega, en 1985. En suma, este grupo de idade medrou acompañando os procesos de normalización e estandarización da lingua galega, polo que non estraña que se faga eco da variante máis amplamente utilizada na escrita e nos medios: *xoaniña*, o xeosinónimo de referencia, sen discusión.

- Ese proceso de expansión territorial de *xoaniña* acelérase cos máis novos (nados entre 2000 e 2011). Como veremos a seguir, os doantes deste grupo non son os que máis usan *xoaniña*, pero si dos que máis contribúen á súa difusión fóra do dominio primitivo marcado polas isoglosas mencionadas (Mapa nº 9).
- Ao compararmos a frecuencia da resposta *xoaniña* fóra do límite previo (expansión) co peso proporcional de cada grupo de idade no conxunto da mostra, obtemos información significativa. Advertimos de que o cómputo é só orientativo, pois para facelo con máis precisión e maior validez cumpriría que o reparto territorial e o xeracional gardasen correspondencia uniforme. Como xa foi dito, a proporción de cada grupo de idade no conxunto da mostra, formado aleatoriamente, é G1: 14,21%, G2: 53,87% e G3: 31,92%. Se a cuestión é cantos deles doan a denominación *xoaniña*, en calquera lugar, soa ou en concorrencia con outra variante, observamos que o único grupo de idade que supera o seu peso inicial é o de idade intermedia, pois os outros dous quedan por baixo: G1, 10,40%; G2, 63,37%; G3, 26,24%. En cambio, se a cuestión é cantos deles testemuñan a expansión fóra do espazo tradicional, observamos tanto o pulo entre os máis novos, que case triplican o seu peso, coma a ausencia de protagonismo do grupo de maior idade: G1, 39,39%; G2, 54,55%; G3, 6,06%.
- Os rexistros de *xoaniña* na área expandida (isto é, fóra do límite tradicional coñecido polas fontes anteriores) non traen consigo recitados propios. Os doantes ou non os dan ou dan cantilenas con outras formas esperables na área; é o caso de Bastiagueiro-Oleiros, onde a mesma informante, de idade intermedia (G2), doa como denominacións alternativas *casarrei* e *xoaniña*, pero só proporciona como recitado “Rei rei casarrei, para onde eu collerei (ou casarei)”, que se repite ata que o insecto posto na man bota a voar, e non ten outra cantilena equivalente para *xoaniña*. O cambio lingüístico vai por diante do cambio cultural.

6. *Mariquita* no TLPGP: antes e despois de DOA

O segundo lema en número de ocorrencias en DOA é o castelanismo MARIQUITA {*mariquita, mariquitra*} (18,27%); a incidencia sería maior se considerásemos conxuntamente outras formas relacionadas coa mesma base, con diferentes solucións para o diminutivo, máis ou menos adaptadas ao padrón da morfoloxía galega (*mariquiña, mariquitinha, mariquitilla*), e as locucións xeradas a partir delas (*mariquita de dios, mariquiña do crego*) (28,44%). Por congruencia imos partir só das variantes lematizadas baixo MARIQUITA e cotexar os datos cos do TLPGP en decembro de 2021, antes e despois da inclusión dos obtidos por medio de DOA (Mapas nº 10 e 11, respectivamente).

Mapa nº 10. *Mariquita* en TLPGP, sen DOAMapa nº 11. *Mariquita* en TLPGP, con DOA

A diferenza entre os dous mapas é ilustrativa. Á vista desta e tendo en conta a análise de toda a información adicional obtida por medio de DOA, coma no apartado anterior, chegamos ás seguintes conclusións:

- Na situación previa, os rexistros do castelanismo *mariquita* eran escasos e dispersos. Unha ollada atenta a estes revela, ademais, información sobre a cronoloxía relativa e as vías de inicio da progresiva implantación. Dos 10 testemuños, 7 proceden do ALGa e na maior parte destes puntos *mariquita* concorre con outra forma característica do territorio: *reirrei* na Pastoriza, *papasol* en Triacastela e *xoaniña* en Boborás; en Touro indícase expresamente que é menos frecuente ca *xuana*. Bouza-Brey (1948, 376), que a supón “tradución castellana del gallego *mariquiña*”, xustifica a súa presenza en Galicia “por encontrarse las dos localizaciones en ciudades y no en el campo” (refírese ás vilas de Monforte e Pontevedra). Máis recentemente, ao analizar a mudanza léxica en tres xeracións de unidades familiares do concello de Xinzo de Limia, incluídas as parroquias rurais, Lama (39) tamén testemuña o avance xeracional: a variante maioritaria *mariquita* emprégana todas as xeracións, con predominancia progresiva; no grupo máis vello (nados antes de 1953) e no de idade intermedia (entre 1953 e 1988) concorre con outras formas tradicionais galegas (como *costureiriña* e *papiña rubia*), que xa non son usadas polo grupo de informantes máis novos. Na campaña do ALPI, a máis antiga, faltan por completo formas do grupo *mariqu-*. Todo apunta a que é un castelanismo de introdución recente e que avanzou ao longo do século XX polas vías habituais, relacionadas coa maior exposición á presión do español (ámbitos urbanos, ensino, medios audiovisuais, etc.).
- DOA mostra tamén como *mariquita* progresa xeracionalmente e como o proceso de implantación se acelera cos máis novos. Comparando de novo o peso de cada grupo na mostra (G1: 14,21%, G2: 53,87%, G3: 31,92%) coa proporción dos rexistros de *mariquita* achegados, compróbase ata que punto esta depende da predominancia no grupo máis novo, pois triplica sobradamente o seu peso: G1, 48,72%; G2, 51,28%; G3, 14,10%. Advértase, ademais, a infrecuencia no grupo de maior idade.
- Lémbrese que a metade das respostas múltiples en DOA inclúe *mariquita*, ao pé de *xoaniña* (*de dios*) (§ 5).

- Hai unha diferenza substancial entre a expansión de *xoaniña* (§ 5) e a de *mariquita*. *Xoaniña* é unha forma patrimonial que ao se iniciar o derradeiro cuartel do século XX se mostraba moi vizosa nunha ampla área territorial no oeste e sur de Galicia (en continuidade con port. *joaninha*), onde coexistía con outras formas tradicionais de dominios menores. Logo produciuse non só o ascenso de *xoaniña* sobre esoutras formas concorrentes, con tendencia a unha uniformización ao seu favor, senón a expansión fóra do dominio primitivo; dous procesos cun especial protagonismo do grupo de idade intermedia actualmente, individuos que acompañaron o proceso de normalización e estandarización nas últimas décadas do século. *Mariquita* non é patrimonial e non parte dunha área territorial propia. Chega ao sistema galego por outras vías, as habituais da interferencia lingüística do castelán, e salfire o territorio, comezando polos espazos máis urbanizados e polos grupos de menor idade, nos que a presión do español (ensino, literatura infantoxuvenil, televisión, filmes e debuxos animados, etc.) pode ter capacidade para romper a transmisión tradicional no ámbito familiar e local. O resultado é un proceso de substitución das formas léxicas propias polas alleas, inicialmente sen formar áreas compactas.
- A falta de tradición tamén se percibe en que a maior parte dos rexistros non achegan un recitado que inclúa esta forma léxica. De 78 doantes dela, só 9 engaden unha cantilena: tres deles (Lousame, Ribadumia, Pontevedra) dan unha resposta dobre, *mariquita* e *xoaniña*, e só o recitado da variante tradicional; un dá un recitado doutra forma que non documenta como denominación no seu uso (*maruxiña*, San Cristovo de Cea); tres ofrecen recitados en español, confirmando a procedencia exóxena (A Veiga-OU, Montederramo, O Grove); nas dúas restantes, *mariquita* substitúe na cantilena unha forma tradicional tamén documentada nela. Así, en Noia un doante de Orro achega “Xoaniña, voa, voa, vai busca-los teus filliños ó monte de Vilaboa” e outro do Obre “Mariquita voa voa, (...) de Vilaboa”; e, na Mariña, unha doante de Barreiros contribúe con “Mariquita, voa, voa, que teu pai vai en Lisboa”, un recitado amplamente documentado para *xoaniña* na área que lle é propia, distante desta localidade. Tamén neste caso a mudanza lingüística vai por diante da cultural.
- Na información recadada por DOA, *mariquita* complementábase con *mariquitilla* (3), de evidente orixe exóxena pola forma do diminutivo, na área de Vigo;⁶ con *mariquitinha* (1), na mesma área –tamén rexistrada previamente en Verín–, que se adapta co morfo característico do diminutivo galego; e con *mariquiña*, que comparte a orixe no antropónimo feminino mais non pertence ao grupo *mariquit-*

Mariquiña está tamén máis presente en DOA ca nos inventarios anteriores. Dos 55 concellos en que o TLPGP rexistra actualmente esta forma como palabra simple (52) ou facendo parte de locucións (*mariquiña de dios*, *mariquiña do crego*), 40 débense a esta campaña. Lémbrese que, como xa foi dito, o grupo *mariqu-* falta por completo no ALPI, e iso suscita dúbidas razoables sobre a tradición. A mediados de século, Bouza-Brey só a recolle en Meaño (“Mariquiña de Dios, / cóntame os dedos e vaite con Dios”);⁷ dúas

⁶ Nesta área meridional da provincia de Pontevedra *mariquita*, *mariquitilla* e *mariquitinha* (non *mariquiña*) son forma habituais –non exclusivas– co significado de ‘mariola’, sexa como nome do xogo ou só do debuxo que se fai no chan (fonte: TLPGP; Álvarez 2021).

⁷ Debeulle provocar algunha inqueda, así que invoca a autoridade: “Por outros lugares de Galicia debe extenderse tal denominación, pues Rosalía de Castro, en una poesía compuesta de modismos populares, la

décadas despois, o ALGa recólle en 5 puntos de enquisa. Antes de incorporar os datos de DOA, o TLPGP rexistraba esta forma e as súas locucións en 14 concellos, moi dispersos nas provincias da Coruña, Pontevedra e Ourense, con só unha concentración notable no SE desta última (onde tamén se rexistra *marica*, A Gudiña); na actualidade, cos datos de DOA, a solución *mariquiña* segue estando dispersa, se ben por un territorio maior e con outras pequenas concentracións. Sen discutir a posible orixe endóxena de *mariquiña* –plausible en canto que existe como forma antroponímica familiar–, os datos que demos achegado ata o momento indican un avance ao longo do século XX, semellante ao exposto para *mariquita*, e se callar impulsado pola penetración desta. Neste caso é o grupo de maior idade, seguido do de idade intermedia, o que máis impulsa o cognado co diminutivo característico do noso sistema; percíbese ben se volvemos cotexar o peso porcentual dos grupos (G1: 14,21%, G2: 53,87%, G3: 31,92%) co número de rexistros de *mariquiña* achegados por cada un: G1, 5,13% (fronte a 48,72% das de *mariquita*); G2, 56,41% (lixeramente por riba das de *-ita* e do seu peso); G3, 38,46% (fronte ao 14,10% de *-ita*). Na nosa opinión, aínda que puido haber unha formación autóctona minoritaria, esta mudanza progresiva neste preciso arco temporal apunta a un proceso de galeguización da forma allea, e iso á súa vez indica que a substitución de formas tradicionais polo castelanismo comezou máis cedo do que se conclúe sobre *mariquita*, pois nos dous treitos de idade maior está disimulada pola presenza de *-iña*.

7. Cabo

Feita a análise da información achegada polos participantes neste programa, cidadáns do común espontáneos, e contrastados estes cos doutras enquisas realizadas por lingüistas, concluímos que os datos obtidos para o concepto *xoaniña* son válidos e valiosos.

Informan do uso efectivo actual, desde a percepción dos doantes, na maior parte dos casos con información propia –polo tanto autorizada polo coñecemento como falantes–, e noutros por experiencia directa de contacto con falantes doutras localidades. Esta característica mostrouse relevante por canto proporciona datos de uso entre xeracións de falantes que de modo xeral non eran suxeitos de enquisa nos traballos de campo tradicionais, e isto puxo en evidencia procesos de mudanza tanto no ascenso e expansión territorial de *xoaniña*, convertido en xeosinónimo de referencia, coma na progresiva substitución de formas tradicionais por *mariquita* (e *mariquiña*).

Na nosa análise avaliativa dos datos non percibimos confusión dos doantes entre os seus propios datos identificativos e a localización do informante ‘usuario’ (orixe / residencia) e das formas léxicas. Tampouco percibimos discordancias que motiven ou xustifiquen suspicacias respecto da actitude colaborativa e da sinceridade das respostas; coma en anteriores campañas, hai formas que son empregadas para outros insectos, e iso é unha información que require un tratamento especial, sexa para comprobar que o informante identificou correctamente a *Coccinella* (p. ex., *bicho do demo*) sexa para

recoge diciendo: *Corre, corre / a teu pai, Mariquiña, / que come cebola / con pan e sardiña*” (Bouza-Brey 1948, 376). Na nosa opinión só proba que existía un modismo, quizais si aplicado ao insecto, e que este contiña unha denominación rimante en *-iña*, coma o nome da moza protagonista do poema. Compárese no noso corpus, “*Voa, voa, voaniña / que che dou pan e sardiña, / a sardiña está no mar / e o pan no altar*” (Marín; Acuña & Garrosa, 3). A palabra *cebola*, moi frecuente nestas cantilenas, adoita estar en rima con *voa, voa* (no canto do “*corre, corre*” do poema rosaliano): por exemplo, “*Xoaniña voa voa que teus pais están en Lisboa comendo pan e cebola*” (Entrimo).

avaliar a importancia lingüística da perda de denominacións específicas e a conseguinte ampliación denominativa doutras (p. ex., *marquesa*) ou o uso de hiperónimos (p. ex., *bicho*). En definitiva, como tentamos mostrar, os datos de DOA validan ou son validados por outras informacións e serven de complemento aos recolleitos con metodoloxía científica, por adición ou contraste.

Desde o punto de vista da variación léxica, esta nova campaña ten rendementos propios: achegou formas léxicas non recollidas con anterioridade; documentou variantes formais non rexistradas previamente, que axudan a comprender e explicar o universo evolutivo de cada base formal así como a botar luz sobre a motivación de formas que resultaban opacas; e mostrou solucións adoptadas ante a perda da transmisión denominativa. Desde o punto de vista das “fronteiras” a información achegada é válida para mostrar de modo xeral a resistencia de formas en territorios dados, tanto en extensión coma en densidade; cales son as variantes que rompen os lindes do seu espazo tradicional, debido ao proceso de normalización e estandarización, á castelanización do léxico ou á hibridización galegocastelá; e, de xeito fundamental, cales son as mudanzas xeracionais que moven fronteiras.

Obras citadas

- Acuña Trabazo, Ana & José Luis Garrosa Gude. “Os nomes dos animais, das doenzas e doutros elementos relacionados coas crenzas en Galicia: estudo comparativo.” *Culturas Populares. Revista Electrónica* 2 (2006). En liña: <http://www.culturaspopulares.org/textos2/articulos/acunagarrosa.pdf>
- ALGa = García, Constantino & Antón Santamarina dirs. *Atlas Lingüístico Galego*. A Coruña / Santiago de Compostela: Fundación Barrié / Instituto da Lingua Galega, 1990-en curso. <https://ilg.usc.es/es/proxectos/atlas-linguistico-gallego-alga>
- ALPI = García Mouton, Pilar coord., Inés Fernández-Ordóñez, David Heap, Maria Pilar Perea, João Saramago & Xulio Sousa. *ALPI-CSIC*. 2016 [edición digital de Navarro Tomás, Tomás dir. *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*, Madrid, CSIC]. En liña: www.alpi.csic.es
- Álvarez de la Granja, María & Marta Negro Romero. “O proceso de lematización no Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués.” En Fabiane Cristina Altino, Gleidy Aparecida Lima Milani & Rosa Evangelina Santana Belli Rodrigues coords. *Anais do III CIDS: Congresso Internacional de Dialectologia e Sociolinguística*. Londrina-PR: Universidade Estadual de Londrina, 2015. 848-862.
- Álvarez, Rosario. “Variación lingüística e historia cultural. O xogo da mariola.” En Alcides Fernandes de Lima, Abdelhak Razky & Marilucia Barros de Oliveira orgs. *Estudos Geossociolingüísticos. Volume 3. Edição comemorativa de 25 anos*. Campinas-SP: Pontes Editores, 2021. 39-66.
- . “Xoaniña, voa voa. Os nomes da *Coccinella* en galego.” En Vanderci de Andrade Aguilera, Fabiane Cristina Altino & Conceição de Maria de Araújo Ramos orgs. *Estudos Dialetais Brasileiros e Europeus: uma homenagem a João Saramago*. Campo Grande-MS: Editora da Universidade Federal do Mato Grosso do Sul - EDUFMS (no prelo).
- Bouza-Brey, Fermín. “Nombres y tradiciones de la *Coccinella septempunctata* en Galicia.” *Cuadernos de Estudios Gallegos* 3 (1948): 367-392.
- . “Nuevos nombres de la *Coccinella* en Galicia.” *Cuadernos de Estudios Gallegos* 8 (1953): 431-437.
- Caprini, Rita. “Les désignations romanes de la coccinelle.” En *Atlas Linguistique Roman, vol. II-c Commentaires*. Alexandrie: Edizioni dell’Orso, 2019. 253-320.
- Ferreira, Manuela Barros & Mario Alinei. “Coccinelle.” En *Atlas Linguarum Europae, I-4, cartes 42-44, commentaire XXX*. Assen: Van Gorcum, 1990. 99-199.
- Lama Izquierdo, Eva. *Variación léxica arredor de tres xeracións no concello de Xinzo de Limia*. Tráballo de Fin de Grao. Facultade de Filoloxía-Universidade de Santiago de Compostela, 2018 [inédito].
- Novo Folgueira, Paulino & Alba Mancebo Soto. *Instagal – Xoaniña*. 2019. En liña: <https://www.youtube.com/watch?v=nFDjeLVnY0s>
- Reigada, Xosé Ramón. “Nomes vernáculos para as xoaniñas.” En *Verín natural. Unha visión universal da Humanidade, a Natureza e o Alén desde a bisbarra de Monterrei*. En liña: <http://verin-natural.blogspot.com/>
- Suárez Fernández, Xosé Miguel. “Rinchín (*Coccinella septempunctata*).” En *Herbas y florías. Un sito pra falar dos nomes en galego-asturiano das especies vexetales (y animales)*. 2018. En liña: <https://herbasyflorias.wordpress.com/2018/05/26/rinchin-coccinella-septempunctata/>
- TLPGP = Álvarez, Rosario coord. *Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <http://ilg.usc.gal/tesouro/gl>